

# INFORME DE ACTUACIÓNS E XESTIÓN 2025

ISSGA



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA

# INFORME DE ACTUACIÓNS E XESTIÓN ISSGA 2025

---

<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
1.1 Definición e regulación.....	4
1.2 Funcións.....	5
<b>2. Estrutura e organización.....</b>	<b>7</b>
2.1 Órganos de goberno.....	7
2.2 Órgano executivo.....	8
<b>3. Recursos.....</b>	<b>11</b>
3.1 Recursos humanos.....	11
3.2 Recursos económicos.....	12
3.3 Instalacións e dotación de medios.....	13
<b>4.Actividade institucional.....</b>	<b>14</b>
4.1 Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros.....	14
4.2 Publicacións.....	20
4.3 Consultas técnicas.....	23
4.4 Formación interna.....	23
4.5 Participación en grupos de traballo.....	24
4.6 Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades.....	33
<b>5. Relacións con outros organismos.....</b>	<b>35</b>
5.1 Convenios e acordos de colaboración.....	35
5.2 Coordinación con outros organismos da Administración.....	35
<b>6. Actuación técnica.....</b>	<b>37</b>
6.1 Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007).....	37
6.2 Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral.....	40
6.3 Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007).....	40
6.4 Accións formativas.....	42
6.5 Hixiene analítica.....	47
6.6 Medicina do traballo, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada.....	49
<b>7. Directorio.....</b>	<b>52</b>
<b>8. Anexos.....</b>	<b>53</b>

## Introdución

Este documento explicativo do traballo realizado no ano 2025 polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) dá resposta ao mandato contido no artigo 13 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto, que dispón a obriga de que con periodicidade anual se elabore unha memoria de actividades da que se dará conta ao Parlamento de Galicia para os efectos de control por parte deste organismo. De igual xeito, o artigo 37 dos estatutos do Instituto, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, establece a elaboración dun informe xeral anual de actuacións e de xestión no que se reflecta con claridade as actuacións desenvolvidas no exercicio precedente.

Para levar a cabo as súas funcións, o Issga desenvolve a súa actuación mediante un plan anual, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos fins e desenvolver as funcións que lle son propias. Así, é obxecto do plan anual o deseño e a priorización de accións e medidas que se dirixen á promoción, asesoramento técnico, formación, información e seguimento e control en materia de seguridade e saúde no traballo, na execución da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que constitúe o instrumento a medio prazo para desenvolver de forma ordenada e eficaz as políticas do Goberno galego nesta materia na procura da redución da sinistralidade laboral nun momento de profunda transformación do mundo do traballo.

O Plan de actuación para o 2025 deuse a coñecer na reunión do Consello Reitor, órgano superior colexiado de goberno do Issga, que tivo lugar o día 03 de decembro de 2024, e recolle as principais liñas de actuación e programas máis destacables que tiña que desenvolver o organismo nese período. Debe poñerse en valor que neste órgano, ademais da autoridade laboral, sanitaria e mineira da Xunta de Galicia, teñen presenza cualificada os interlocutores sociais, en concreto as organizacións sindicais (UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CSIF Galicia) e empresarial (CEG).

Todo o anterior e os traballos futuros deben enmarcarse no mandato legal que encarga ao Issga a xestión e a coordinación que nas distintas disciplinas preventivas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo) estableza a Xunta de Galicia para a mellora das condicións laborais co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

Este informe, ademais de para dar cumprimento do disposto nas normas mencionadas, evidencia a total transparencia nos obxectivos, nas actuacións e nos resultados acadados, a transversalidade das funcións atribuídas ao Issga polo seu labor de coordinación con outras unidades administrativas e a participación dos interlocutores sociais.

Preténdese tamén con este resumo de actividades no eido da seguridade e a saúde no traballo servir de promoción e de impulso para reforzar o compromiso de todos os actores implicados nas relacións laborais e para o fortalecemento do Issga como órgano técnico na materia que co seu traballo asente a planificación e xestión preventiva dos riscos como alternativa á sinistralidade (accidentes de traballo e enfermidades profesionais) e a mellora continua das condicións de traballo para acadar un traballo máis seguro e de máis calidade na sociedade galega.

# 1. O Issga: definición, regulación e funcións

## 1.1 Definición e regulación

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) configúrase como o órgano técnico e transversal da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais e promoción da saúde no traballo.

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e o Decreto 165/2014, do 11 de decembro, que aproba os estatutos deste organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito organicamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en virtude do disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (DOG núm. 101 do 27 de maio).

O Issga é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O Issga ten personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e dispón de patrimonio e tesouraría propios. Dentro da esfera da súa competencia, correspóndelle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins.

De acordo co disposto no artigo 3 da Lei 14/2007, correspóndelle ao Instituto a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

O Issga ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela, e conta cun centro territorial en cada unha das catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Estes centros configúranse como órganos do Instituto aos que lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste o seu ámbito territorial.

O Instituto estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade das persoas traballadoras, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo. Na súa actuación inclúe especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo. Así mesmo leva a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación cos traballadores e as traballadoras por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas (pemes) e ás microempresas.

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto:

- Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.
- Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde dos traballadores e das traballadoras.

- Préstalles ás empresas, con especial atención ás pemes e microempresas, ás persoas traballadoras, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.
- Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non regrado.

## 1.2 Funcións

De acordo coa súa lei de creación e cos seus estatutos, correspóndelle ao Issga o exercicio das seguintes funcións:

- a) Analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.
- b) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.
- c) Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre métodos e técnicas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.
- e) Asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo e mais elaborar recomendacións sobre condicións de traballo dos grupos especiais de risco.
- f) Prestarlles colaboración, asesoramento técnico coordinación á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e mais ás autoridades xudiciais e as institucións públicas que o demanden.
- g) Efectuar plans e cursos de formación e accións informativas en relación coa seguridade e a saúde laboral.
- h) Apoiar e promover as actividades desenvolvidas polo empresariado e persoal traballador e as súas respectivas organizacións representativas, en prol da mellora das

condicións de seguridade e saúde no traballo, da investigación e o fomento de novas formas de protección e mais da promoción de estruturas eficaces de prevención.

- i) Estudar e vivir as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.
- j) Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais dos traballadores e das traballadoras do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.
- k) Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais, na medida en que poidan supor riscos para a saúde dos traballadores e das traballadoras.
- l) Asesorar e avaliar o funcionamento dos órganos técnicos das empresas en materia de seguridade, hixiene e saúde laborais.
- m) Efectuar os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención alleos, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- n) Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e mais, de ser o caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.
- o) Prestarlle á Administración sanitaria asesoramento e asistencia técnica na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e mais na avaliación da súa actividade sanitaria.
- p) Colaborar coa consellaría competente en materia de seguridade industrial e mineira no que poida afectar a seguridade e a saúde do persoal traballador.
- q) Colaborar coa autoridade educativa, a universidade e os centros de investigación para implantar en todos os ciclos e niveis formativos programas educativos de prevención de riscos laborais.
- r) Colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.
- s) Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actuacións referentes ás condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde laboral e mais nas de comprobación e control, de ser o caso.
- t) En xeral, coordinarse coas consellarías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde no traballo, así como co Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) e coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST).

- u) Actuar, con especial dedicación ás pemes, en programas de prevención de riscos e promoción da seguridade no traballo.
- v) Estudar as posibles patoloxías derivadas da actividade laboral con máis incidencia en Galicia.
- w) Levar a cabo cantas outras funcións sexan necesarias para o cumprimento dos fins de prevención e promoción da seguridade e da saúde no traballo nos termos establecidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

## 2. Estrutura e organización

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Isga, desenvolve a estrutura e organización deste organismo autónomo, e os seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, establecen a estrutura orgánica e funcional dos seus órganos de goberno e executivos. Adscrito orgánicamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en virtude do disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (DOG núm. 101 do 27 de maio).

### 2.1 Órganos de goberno

#### 2.1.1 Presidencia

A Presidencia do Instituto é o órgano unipersoal de goberno e corresponde a persoa titular da consellería competente en materia de traballo.

As súas funcións, recollidas no artigo 9 do citado decreto, son:

- a) Desempeñar a representación do Consello Reitor e a representación do Instituto, incluíndo as actuacións fronte a terceiros relativas aos seus bens e dereitos patrimoniais, así como a subscrición dos convenios e acordos de colaboración.
- b) Efectuar a designación e a destitución da persoa titular da Xerencia do Instituto.
- c) Presidir e convocar o consello Reitor, co desempeño de todas as demais competencias que lle correspondan como presidente do órgano colexiado.
- d) Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- e) Actuar como órgano de contratación e exercer a dirección superior do persoal do Instituto.
- f) Velar polo cumprimento das leis e pola execución dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- g) Dar conta, se é o caso, a outras consellerías dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- h) Impulsar e supervisar as actuacións do organismo.

## 2.1.2 Consello Reitor

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de goberno do instituto. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, foron nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e das organizacións sindicais e empresarial, conforme a composición definida no artigo 11 do Decreto 165/2014.

## 2.2 Órgano executivo

### 2.2.1 Xerencia

A Xerencia é o órgano executivo do Instituto, responsable da xestión ordinaria deste.

Corresponde á Xerencia:

- a) Asistir a Presidencia do Consello Reitor no exercicio das súas funcións.
- b) Levar a cabo o asesoramento e os informes que lle solicite a Presidencia do Instituto.
- c) Elaborar o proxecto do plan anual de actividades, que incluíra as actuacións técnicas e a súa planificación temporal, e elevalo ao Consello Reitor.
- d) Elaborar a proposta de relación de postos de traballo do Instituto.
- e) Exercer a xefatura e dirección do persoal adscrito ao organismo.
- f) Elaborar as contas e o anteproxecto de orzamento para a súa presentación ao Consello Reitor.
- g) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar as unidades adscritas ao Instituto e ditar as disposicións, instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento.
- h) Elaborar o informe anual coa relación de todas as actividades do Instituto para a súa aprobación polo Consello Reitor e remitilo ao Parlamento para o exercicio do control parlamentario.
- i) Proporcionar e recibir das consellerías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde laboral tanta información sexa precisa para o desenvolvemento das funcións en materia de seguridade e saúde laboral.
- j) Establecer a coordinación necesaria para garantir a cooperación institucional con todas as administracións na materia de prevención de riscos laborais.
- k) Desenvolver as actuacións de colaboración técnica coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- l) Colaborar coa Administración laboral, sanitaria, mineira, industrial e outras que o soliciten por razón da materia.
- m) Facilitarlle ao Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral tanta información sexa precisa para o desenvolvemento das súas funcións e asistir ás súas reunións.
- n) Exercer as facultades non atribuídas especificamente a outros órganos do Instituto.
- o) Calquera outra que poida serlle asignada pola normativa aplicable ou que lle delegue ou encomende a persoa titular da Presidencia do Instituto ou o Consello Reitor.

### 2.2.2 Subdirección Xeral de Administración e Persoal

Corresponde á Subdirección Xeral de Administración e Persoal:

## Informe xeral de actuacións e de xestión 2025

- a) Executar o orzamento do Instituto.
- b) Efectuar a tramitación económico-administrativa dos expedientes de gasto e as propostas de pagamento e a xestión dos expedientes de contratación.
- c) Efectuar a habilitación de pagamentos e adquisición, xestión e control de medios materiais para o funcionamento ordinario do Instituto.
- d) Elaborar os informes de carácter económico ou administrativo que lle solicite a Xerencia.
- e) Xestionar os asuntos de réxime interior, rexistro, documentación administrativa, arquivo e inventario.
- f) Analizar, avaliar e elaborar as propostas de desenvolvemento normativo que correspondan ao Instituto.
- g) A coordinación da tramitación administrativa para a publicación dos acordos e convenios de colaboración que subscriba o Instituto.
- h) Coordinar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica a xestión da rede e das aplicacións informáticas do Instituto.
- i) Realizar a xestión de persoal e nóminas e a coordinación do sistema de xestión de procedementos administrativos e outras cuestións de contido administrativo que lle atribúa a Xerencia.
- j) Levar a cabo a xestión de asuntos xerais tales como mantemento das instalacións ou vehículos adscritos.
- k) Practicar o seguimento e supervisión das actuacións económicas, administrativas e de persoal dos centros territoriais.
- l) Coordinar a publicación no Diario Oficial de Galicia e demais diarios ou boletíns oficiais das disposicións ou actos ditados polo Instituto.
- m) Prestar apoio para a elaboración tanto do plan anual de actividades como do informe anual das actividades realizadas no que se refire aos datos de xestión interna e dos asuntos propios da Subdirección.
- n) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

### 2.2.3 Subdirección Xeral Técnica e de Planificación

Corresponde á Subdirección Xeral Técnica e de Planificación:

- a) Elaborar o borrador do plan anual de actividades técnicas de acordo coas instrucións da Xerencia.
- b) A elaboración da proposta do informe anual das actividades.
- c) Planificar, coordinar e supervisar, con carácter xeral, as actuacións técnico-preventivas, incluídas as que executen nos centros territoriais, de acordo coas políticas establecidas e as actividades planificadas.
- d) Desenvolver as actuacións de colaboración técnica coa autoridade laboral e de apoio técnico e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

- e) Executar as actuacións de colaboración técnica con outras unidades con competencia en materia de seguridade e saúde laboral, especialmente coa autoridade laboral, sanitaria e mineira.
- f) Realizar o seguimento das actuacións de colaboración técnica con outros organismos públicos.
- g) Coordinar a participación técnica en grupos de traballo no ámbito estatal e autonómico.
- h) Levar a cabo a elaboración, control e seguimento dos acordos e convenios de colaboración.
- i) Impulsar a execución e coordinar as accións planificadas dos técnicos habilitados consonte o establecido no Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e o Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.
- j) Elaborar os informes de carácter técnico que lle solicite a Xerencia.
- k) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Subdirección Xeral Técnica e de Planificación conta coa unidade administrativa Servizo Técnico e de Planificación.

#### 2.2.4 Centros territoriais do Issga

No desenvolvemento das funcións do Issga, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos seus centros territoriais, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención de riscos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.

Estes centros configúranse como órganos de ámbito territorial provincial do Instituto en cada unha das provincias aos cales lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste no seu ámbito territorial.

Existe un centro territorial do Issga en cada unha das catro provincias galegas. A xefatura dos centros territoriais ten nivel de xefatura de servizo, e exerce as súas funcións baixo a dependencia xerárquica da Xerencia e funcional de cada unha das subdireccións xerais.

Corresponden á xefatura do centro, dentro do seu ámbito territorial, as seguintes funcións:

- a) Impulsar, coordinar e supervisar o funcionamento de todas as unidades do centro para dar cumprimento ao plan anual de actividades.
- b) Realizar a coordinación das distintas actividades e o control da súa execución e cantas outras accións sexan necesarias para o mellor cumprimento do plan anual de actividades, que incluírá a presentación periódica á Xerencia do Instituto dos resultados acadados, tanto cualitativos como cuantitativos.
- c) Manter, dentro da planificación establecida, a colaboración do centro con calquera outro órgano ou institución de ámbito provincial para garantir a coordinación das accións en materia de prevención de riscos laborais.
- d) Presentar á Xerencia do Instituto propostas de actuacións técnicas e de carácter administrativo.

- e) Xestionar e tramitar electronicamente a notificación dos partes de accidentes de traballo, así como cursar a notificación das enfermidades profesionais e daquelas que, sen seren profesionais, teñen a súa orixe no traballo.
- f) Efectuar a organización e o control da xestión económica e do persoal adscrito ao centro, seguindo as instrucións e baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Administración e Persoal.
- g) Dar cumprimento á investigación rápida e eficaz dos accidentes de traballo en coordinación coa autoridade laboral provincial, a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, servizos de emerxencia e fiscalía, dando conta de cada actuación á Dirección do Instituto.
- h) Garantir a colaboración, se é o caso, do persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia cos tribunais de xustiza.
- i) Cantas outras relacionadas con competencias do Instituto no ámbito territorial do centro ou que se lle encomende a Xerencia do Instituto.

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada, as ditas funcións serán suplidas na totalidade das súas atribucións polas persoas responsables das unidades establecidas nos estatutos do Issga e na orde de precedencia en que estas veñen referenciadas.


### 3. Recursos

#### 3.1 Recursos humanos

Para a xestión das súas funcións, o Issga conta, na súa relación de postos de traballo, cun total de 125 postos. O 84% localízase nos centros territoriais e o 16% na sede do Instituto en Santiago de Compostela.

A creación do instituto e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros provinciais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro; esta relación de postos de traballo foi modificada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2019, publicado no DOG núm. 43, do 1 de marzo, co obxecto de adaptar os postos de traballo aos corpos e escalas de seguridade e saúde laboral previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e creadas pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Issga.

Centro de traballo	Persoal funcionario
Santiago de Compostela	20
A Coruña	34
Lugo	18
Ourense	16
Pontevedra	37
<b>Total</b>	<b>125</b>



Na sede do Issga en Santiago de Compostela, a través da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal: tomas de posesión e cesamentos, comisións de servizo, xubilacións, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, vacacións, licenzas e permisos; xestión das altas e baixas na Seguridade Social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

### 3.2 Recursos económicos

O orzamento do Issga vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o Instituto dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico do 2025, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros territoriais e investimentos de carácter material e inmaterial, así como para o cumprimento das accións incluídas no Plan anual de actuación do Instituto.

As contías no ano 2025 foron as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.342.708 €
CAPÍTULO V. DE CONTAS CORRENTES	21.000 €

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	481.901 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.845.609 €</b>

<b>ORZAMENTO DE GASTOS</b>	
CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL	6.340.105€
CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.023.603 €
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS	481.901 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.845.609 €</b>

### 3.3 Instalacións e dotación de medios

#### Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2025 participou nos seguintes procedementos de contratación centralizada:

- Contrato para a subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) polo procedemento negociado e suxeito a regulación harmonizada.
- Contrato para a subministración sucesiva, suxeita a regulación harmonizada, por prezos unitarios e a través de tarxetas con soporte magnético, de carburantes para vehículos e o servizo de telepeaxe e pago en autoestradas, lavado en máquinas de autolavado e o pagamentos dos servizos de aparcamento a través de dispositivos OBE, para os vehículos dos parques móbiles centrais e sectoriais da Xunta de Galicia.
- Contratos para a subministración de combustible de calefacción, gasóleo C, aos centros de consumo da Redexga, entre os que están os centros territoriais do Issga na Coruña e en Ourense.
- Contrato de servizos postais, telegráficos e de paquetería na administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, outras entidades do sector público de Galicia e outros órganos e administracións adheridos a esta contratación centralizada.
- 6º contrato derivado\_Subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en varios edificios administrativos na contorna de Santiago de Compostela.
- 8º contrato derivado\_Subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia, para cobertura de varios edificios administrativos na Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña e Ferrol (Edificio administrativo Monelos e outros).

- 3º contrato derivado do acordo marco, con varios empresarios, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia (Expediente AMT-2024-0057) Lugo e Ourense.

## Instalacións e equipamento

Respecto das instalacións e equipamento do Isga realizáronse as seguintes actuacións:

No centro da Coruña:

- Reparación plaquetas 2º piso.
- Reparación tarima-escaleiras salón actos.

No centro de Lugo:

- Mantemento e reparación do chan centro.
- Mantemento e a substitución das luminarias actuais por sistemas LED.
- Reparación e substitución da cuberta de dúas cocheiras.
- Reparación dos vidros das ventás da fachada do centro.
- instalación detector e cámara simulada videovixilancia.

No centro de Ourense:

- Instalación de dúas barras antipánico no centro co obxectivo de mellorar a capacidade evacuación edificio.
- Reparación, limpeza da fachada e pintado do patio interior do centro.

No centro de Pontevedra:

- Reparación de dúas terrazas no 2º piso.
- Instalación dun SAI no centro.

En servizos centrais:

- Seguimos co contrato de alugueiro do local sito na avenida Fernando Casas Novoa, Edificio 35, 3º que ocupa o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e gastos asociados.
- Subministración de cinco (5) Vehículos 4x4 híbridos todoterreo para o Isga (EXPEDIENTE 1/2025 SXT).
- Subministración, instalación e posta en marcha dun sistema de HPLC cun detector UV/VIS laboratorio Isga de Pontevedra (EXPEDIENTE 2/2025 SXT).

## 4.Actividade institucional

### 4.1 Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización:

- **Escola Galega de Prevención**

A Escola Galega de Prevención é un espazo educativo específico para a introdución dos contidos sobre a prevención de riscos laborais na poboación escolar de Galicia e tamén

a disposición do público en xeral. É un reforzo para a aprendizaxe de hábitos e actitudes cara a saúde e seguridade no traballo no futuro.

A escola inclúe un itinerario de riscos no fogar, na rúa, na escola e no traballo futuro para achegar a mensaxe da prevención aos nenos e nenas galegas. Co deseño de actividades en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e para escolares de educación primaria, constitúe unha actividade para inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito didáctico, ameno e divertido e que os rapaces aprendan a integrar a prevención no día a día e actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores.

A este espazo da escola de prevención en Pontevedra súmase a situada no centro territorial do Issga na Coruña co obxecto de reforzar e inculcar a cultura da prevención de riscos laborais a través dun percorrido que sintetiza disciplinas como a seguridade no traballo, a hixiene industrial, a ergonomía e psicolosocioloxía, así como a medicina no traballo.

Durante o 2025 realizáronse 5 visitas á Escola Galega de Prevención nas que participaron 83 nenas e nenos.

#### ■ [Aula de Prevención de Risco Eléctrico](#)

A Aula de Prevención de Risco Eléctrico ten por obxecto fundamental mellorar a formación e habilidades prácticas sobre risco eléctrico. A dotación de equipos e medios auxiliares desta aula permiten unha explicación práctica dos materiais e equipos utilizados nas tarefas habituais que deben realizarse na reparación e mantemento das instalacións eléctricas en alta tensión nun entorno seguro así como a simulación de sistemas de posta a terra e da arquitectura dunha rede eléctrica de media tensión e a súa posterior transformación e distribución en baixa tensión.

O coñecemento e aplicación correcta e sistematizada dos métodos de traballo en instalacións eléctricas é a principal vía para garantir que os traballos se realizan en óptimas condicións de seguridade.

No 2025 foi necesario realizar os traballos consistentes en mantemento, reposición e mellora do cableado de luminarias exteriores, nas aulas de formación e zonas anexas para acadar un axeitado funcionamento e cumprir coa finalidade pública ao que o centro está destinado.

En decembro retómase a actividade coas seguintes actuacións:

- 14/11/25\_ formación práctica na Aula de Risco Eléctrico con participación de profesorado de centros educativos.
- 12/12/25\_xornada formativa dirixida ao alumnado do Ciclo Medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas do IES Indalecio Pérez Tizón de Tui (13 participantes).

#### ■ [Participación no episodio da segunda tempada do podcast Responsabilízate, promovido pola Secretaría Xeral de Promoción de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia](#)

A Coruña, 14 de xaneiro

- [Presentación da campaña sobre "PRL nos novos escenarios de traballo"](#)  
 Santiago de Compostela, 27 de xaneiro
- [Reunión na modalidade de videoconferencia coa Asociación de Sensibilidade Química Múltiple de Galicia \(SQM Galicia\)](#)  
 Santiago de Compostela, 28 de xaneiro
- [Difusión do Plan de actuación do Issga 2025](#)  
 Santiago de Compostela, 8 de febreiro
- [Reunión do ISSGA con ANFACO-CECOPECA para a colaboración en materia de prevención de riscos laborais e promoción da saúde no traballo para a mellora da seguridade e saúde laboral na industria conserveira](#)  
 Santiago de Compostela, 26 de febreiro
- [Reunión da comisión de seguimento do protocolo de colaboración entre o Issga e a DXT na que se estableceron as actuacións para desenvolver de forma conxunta durante o 2025](#)  
 Santiago de Compostela, 27 de febreiro
- [Participación nunha xornada técnica organizada polo INSST sobre a integración da perspectiva de xénero na seguridade e saúde no traballo para conmemorar o Día Internacional da Muller](#)  
 Madrid, 6 de marzo
- [Participación técnica e institucional no 18º Salón da Prevención e Seguridade Laboral \(PREVISEL\)](#)  
 Ourense, 12 e 13 de marzo
- [Participación na 8ª sesión sobre Saúde integral e benestar laboral do Foro técnico de PRL no Polígono industrial de Arteixo-Sabón](#)  
 Arteixo, 27 de marzo
- [Reunión con representantes do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia \(CODINUGAL\) para explorar posibles vías de colaboración no ámbito da promoción da saúde no traballo](#)  
 Santiago de Compostela, 1 de abril
- [Xornada de presentación da campaña de paneis solares en cuberta e recomendacións preventivas contra caídas de altura no Centro Empresarial da Construción do Barbanza, situado no Polígono Río Xaras de Ribeira](#)  
 Ribeira, 3 de abril
- [Reunión con representantes do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia \(COLEF Galicia\), co obxectivo de explorar novas vías de colaboración para promover a saúde e o benestar no ámbito laboral](#)  
 Santiago de Compostela, 3 de abril

## Informe xeral de actuacións e de xestión 2025

- Participación na xornada Fortalecendo a protección e o fomento do diálogo social para unha cultura de seguridade e saúde no traballo, organizada pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF)

Santiago de Compostela, 23 de abril

- Conmemoración da Semana Europea de Seguridade e Saúde no Traballo coa organización dunha sesión de formación en primeiros auxilios na Sede de CCOO de Ourense

Ourense, 23 de abril

- Participación na 5ª sesión sobre Saúde integral e benestar laboral do Foro técnico de PRL no Polígono industrial de Bergondo 8 (A Coruña)

A Coruña, 25 de abril

- Declaración Institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo

Santiago de Compostela, 28 de abril

- Participación nas Xornadas sobre a tramitación de enfermidades profesionais na Comunidade Autónoma de Galicia, organizadas pola Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) no Salón de Actos da Consellería de Sanidade.

Santiago de Compostela, 8 de maio

- Participación na II Xornada Luso-Galaica de Medicina do Traballo organizada pola Sociedade Galega de Medicina do Traballo e pola Sociedade Portuguesa de Medicina do Traballo.

A Abelleira (Pontevedra), 9 de maio

- Presentación da campaña Prevención de riscos no manexo do tractor, para alertar e concienciar sobre os riscos do manexo do tractor e dos seus apeiros

O Pino (A Coruña), 13 de maio

- Participación na reunión anual da Rede Española de Seguridade e Saúde no Traballo no INSST

Madrid, 28 de maio

- Lanzamento da campaña Prevención de riscos no manexo do tractor para alertar e concienciar sobre os riscos do manexo do tractor e dos seus apeiros

San Xurxo de Veá (A Coruña), 6 de xuño

- Curso de verán Riscos psicosociais no traballo: avances científicos e enfoques aplicados, unha iniciativa pioneira organizada pola Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través do Laboratorio de Riscos Psicosociais

Ribadeo (Lugo), 11, 12 e 13 de xuño

- Participación na xornada "A redución da sinistralidade laboral a través da mellora da xestión preventiva dos riscos nos lugares de traballo", dirixida a pemes e persoal traballador autónomo  
 Padrón (A Coruña), 17 de xuño
- Participación na xornada técnica: "Normativas, oportunidades e recursos para o sector da pedra natural" dirixida ao empresariado e a profesionais do sector do mármore, granito e pedra natural  
 Ourense, 18 de xuño
- Participación en FOROMAR 2025: un espazo de diálogo e mellora do traballo autónomo no mar  
 Vilagarcía de Arousa, 20 de xuño
- Participación na campaña do INSST sobre a prevención de riscos laborais por fenómenos meteorolóxicos adversos  
 Santiago de Compostela, 26 de xuño
- Posta en marcha da campaña 'Traballo e calor' para reforzar a seguridade laboral en tempos de altas temperaturas  
 Santiago de Compostela, 4 de xullo
- Presentación da campaña para fomentar o uso correcto dos EPI no ámbito forestal no marco do compromiso coa seguridade no sector  
 Vilalba (Lugo), 10 de xullo
- Asistencia á reunión de traballo convocada polo CSN na que se abordaron os principais aspectos do novo marco normativo relativo á protección fronte ás radiacións ionizantes  
 Madrid, 16 de setembro
- Participación nas I Xornadas Abertas do Grupo de Traballo sobre Enfermidades Profesionais da RISST  
 Zaragoza, 24 de setembro
- Participación na Xornada Galega PRL: Universidade e empresa ante os retos preventivos, organizada pola Confederación de Empresarios da Coruña en colaboración coas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo  
 Santiago de Compostela, 26 de setembro
- Presentación da nova campaña dirixida a previr riscos laborais nos traballos da viña – incluída a vendima- no IES Ramón Cabanillas de Cambados  
 Cambados (Pontevedra), 29 de setembro
- Participación no taller formativo "Igualdade e Saúde laboral: Prevención de riscos laborais en clave de xénero", celebrado no marco das actividades do Campus de Igualdade Laboral impulsado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia  
 Lugo, 30 de setembro
- Lanzamento do proxecto 'Benseguro' en colaboración coa FLC enfocado na prevención de riscos laborais nas obras menores  
 Santiago de Compostela, 1 de outubro

## Informe xeral de actuacións e de xestión 2025

- Participación na reunión da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo organizada polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo en colaboración cos organismos competentes das distintas autonomías

Zamora, 3 de outubro

- Participación na xornada de presentación en Santander do "Manual Recurso preventivo e outras vixilancias de traballos" elaborado polos catro institutos de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco

Santander, 10 de outubro

- Presentación da guía de boas prácticas 'Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral' dirixida a persoas teleoperadoras, locutoras ou docentes

A Coruña, 15 de outubro

- Participación na Xornada sobre ergonomía aplicada no sector do granito, centrada na prevención de baixas laborais

Porriño, 16 de outubro

- Participa nas Xornadas Técnicas sobre Seguridade e Saúde Laboral na Industria organizadas por ASIME

Vigo, 17 de outubro

- Presentación da campaña 'Dixitalización no traballo' no marco da Semana europea para a seguridade e a saúde no traballo

Santiago de Compostela, 20 de outubro

- Participación na xornada de Osalan para presentar o Manual do Recurso Preventivo no País Vasco

Bilbao, 20 de outubro

- Participación no seminario "A vixilancia da saúde na actividade forestal", organizado pola Asociación de empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo (Lugomadera)

Lugo, 22 de outubro

- Asistencia á inauguración do centro asistencial de Asepeyo en Vilagarcía de Arousa

Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), 23 de outubro

- Participación nunha xornada técnica sobre seguridade e saúde no sector da pizarra organizada polo Cluster da Pizarra de Galicia no Centro Tecnolóxico da Pizarra

Carballeda de Valdeorras, 24 de outubro

- Participación na avaliación das primeiras solicitudes de vítimas do amianto para impulsar o cobro das indemnizacións aos pacientes de patoloxías relacionadas co asbesto

Santiago de Compostela, 28 de outubro

- [Colaboración coa Fundación Laboral da Construción en xornada sobre uso seguro de escaleiras](#)  
Vigo, 28 de outubro
- [Participa na xornada do Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais \(IAPRL\) para a presentación do “Manual do Recurso Preventivo e outras vixilancias de traballos”](#)  
Oviedo, 29 de outubro
- [Participación na Asemblea Xeral Extraordinaria de Lugomadera](#)  
Lugo, 31 de outubro
- [Participación na apertura do Foro da prevención do risco psicosocial, organizado pola Confederación de Empresarios de Galicia \(CEG\)](#)  
Santiago de Compostela, 31 de outubro
- [Participación no Congreso Internacional de Ergonomía e Psicosocioloxía PREVERAS 2025](#)  
Xixón, 5 de novembro
- [Participación no 9º congreso “A prevención e seguridade Industrial 4.0”, organizado polo Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais \(CGETI\) e pola Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia \(Aprosal\) e apoiado pola Xunta a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia \(Issga\)](#)  
Vigo, 20 de novembro
- [Participación na xornada técnica “Solucións de protección persoal para os riscos en traballos do sector do metal”, organizada por 3M](#)  
Vigo, 20 de novembro
- [Participación na XXVIII Xornada da SGPRL cun relatorio sobre saúde mental laboral](#)  
Vigo, 21 de novembro
- [Participación na VI Xornada Galega de Actualización en Enfermería do Traballo “Coidando profesionais, unindo persoas”](#)  
Vigo, 22 de novembro
- [Participación no encontro organizado pola Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao](#)  
Teo, 29 novembro

## 4.2 Publicacións

Ao longo do ano o Issga publicou unha serie de documentos que se poden descargar da súa páxina web en formato dixital.

- **Plan de actuación Issga 2025**  
Comprende as principais liñas de traballo e actuacións técnicas do Issga para o ano 2025.
- **Informe de actuación e xestión Issga 2024**

Informe das actividades realizadas polo instituto durante todo o ano 2024.

- **Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2024**

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2024.

- **PRL nos novos escenarios de traballo\_2025**

O obxectivo desta campaña foi dar a coñecer os novos escenarios de traballo relacionados coa prevención de riscos laborais distribuídos nas diferentes transicións: dixital, climática e demográfica co obxectivo de acadar o benestar laboral no traballo.

Soportes da campaña: cartel e calendario.

- **Manual do Recurso Preventivo e outras vixilancias de traballo**

O Grupo CANO, do que forma parte o Issga, publica este manual que ten como obxectivo proporcionar unha guía clara e accesible sobre o papel, funcións, alcance, regulación e responsabilidades dos recursos preventivos na xestión da seguridade laboral.

Soporte da campaña: documento técnico en formato dixital.

- **ISSGA\_Lembra\_Naval\_Coordinación de actividades empresariais no sector naval**

Este documento da serie Lembra do Issga ten coma obxectivo facilitar a comprensión dos procedementos que deben seguirse nas fases dunha obra naval, para que as empresas involucradas contén cos medios adecuados para protexer aos seu persoal empregado e manter as condicións óptimas de seguridade e saúde laboral nas súas instalacións.

Soporte da campaña: documento técnico en soporte físico e dixital dispoñible en galego e castelán.

- **EPI no posto de traballo\_Sector forestal**

Este documento foi elaborado no seu do Grupo de traballo técnico no sector forestal do ISSGA Este grupo de traballo ten como obxectivo a elaboración de documentos técnicos formativos e informativos sobre condicións de traballo seguras que permitan sensibilizar e abordar a sinistralidade laboral nun sector estratéxico como é o forestal.

Soporte da campaña: documento informativo e cartel, en soporte físico e dixital, e están dispoñibles en galego e castelán.

- **Prevención de riscos na vendima**

O obxectivo deste documento é difundir e sensibilizar a importancia da prevención de riscos laborais no sector vitivinícola coa presentación actualizada da documentación técnica sobre o traballo na vendima, na que, dun xeito moi gráfico e visual, pódense identificar os riscos laborais e medidas preventivas asociados a este traballos que permitan tanto unha diminución da sinistralidade laboral como a mellora das condicións de traballo das persoas empregadas nese sector.

Soporte da campaña: documento divulgativo.

- **Prevención de riscos na viña**

Este documento ten por obxectivo difundir e sensibilizar a importancia da prevención de riscos laborais no sector vitivinícola coa presentación actualizada da documentación técnica sobre o traballo na viña, na que, dun xeito moi gráfico e visual, pódense identificar os riscos laborais e medidas preventivas asociados a este traballos que permitan tanto unha diminución da sinistralidade laboral como a mellora das condicións de traballo das persoas empregadas nese sector.

Soporte da campaña: documento divulgativo.

- **Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral\_Guía de boas prácticas**

Esta guía, elaborada por especialistas en logopedia, medicina de traballo e persoal técnico en prevención de riscos laborais do ISSGA, pretende ser unha referencia para ás empresas e o persoal traballador, tanto a nivel colectivo para a identificación dos factores de risco e a adopción de medidas na contorna física e organizativas, como a nivel individual con exercicios prácticos e consellos para o mantemento dunha voz sa.

Soportes da campaña: guía de boas prácticas, en soporte físico e dixital, e dispoñible en galego e castelán.

- **Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral\_Medidas preventivas\_Cartel**

Cartel no que se recollen as principais medidas preventivas (organizativas, na contorna física e persoais), para previr as enfermidades da voz.

Soportes da campaña: cartel en soporte dixital dispoñible en galego e castelán.

- **Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral\_Hixiene vocal\_Cartel**

Cartel no que se recollen recomendacións relacionadas coa hixiene vocal para previr as enfermidades da voz.

Soportes da campaña: cartel en soporte dixital dispoñible en galego e castelán.

- **Dixitalización do traballo. Traballos seguros e saudables na era dixital**

Este documento aborda os riscos emerxentes asociados ás tecnoloxías dixitais no lugar de traballo e as medidas preventivas para garantir contornas laborais máis seguras e saudables.

Soportes da campaña: documento divulgativo.

- **Pautas Issga\_O radon no ámbito laboral\_Obrigas preventivas**

Neste documento recóllense as obrigas dos titulares das actividades laborais en relación co Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes (Real decreto 1029/2022).

Soporte da campaña: documento informativo en formato dixital dispoñible en galego e castelán.

- **Sinistralidade por enfermidade profesional no sector servizos\_Galicia\_2024**

Os datos refírense a unha desagregación das enfermidades profesionais (EP) e incidencia do sector servizos correspondentes do ano 2024, por provincias e divisións de actividade económica (2 díxitos do CNAE 2009).

- **Sinistralidade laboral por accidente de traballo no sector servizos\_Galicia\_2024**

Os datos refírense a unha desagregación dos accidentes de traballo (AT) e incidencia do sector servizos correspondentes aos datos en avance do ano 2024, por provincias e divisións de actividade económica (2 díxitos do CNAE 2009).

- **Aplicación do Real decreto 893/2024 polo que se regula a protección da seguridade e a saúde no ámbito do servizo do fogar familiar**

Este documento introduce obrigas concretas para a persoa empregadora e dereitos para a persoa traballadora. É importante que ambas partes se informen e colaboren para lograr unha contorna laboral máis segura e saudable.

Soportes da campaña: documento dixital en galego e castelán.

### 4.3 Consultas técnicas

O Issga ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no Issga, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo.

<b>Consultas recibidas</b>
----------------------------

<b>835</b>
------------

Ademais destas consultas técnicas, o Issga tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e coa dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

#### 4.4 Formación interna

Ao longo do ano 2025 realizáronse as seguintes accións formativas de actualización e mellora para o persoal técnico do Issga:

Datas	Actividade formativa	Lugar	Asistentes
18, 19 e 20/02/25	Curso de Investigación de Casos de Enfermidades Profesionais	Santiago de Compostela	34
09/04/25	Taller de EPI respiratorios e de traballos en altura	Rande	44
2, 3, 8 e 10/04/25	Traballos en altura: proteccións individuais e colectivas; uso de escadas, plataformas de traballo e estadas	Redondela	15
19, 21 e 23/05/25	Formación específica para o exercicio de accións comprobatorias das condicións de traballo e saúde nas empresas e centros de traballo	Santiago de Compostela	26
10, 16, 17 e 18/06/25	Métodos de ergonomía para a avaliación de postos de traballo	Santiago de Compostela	19
23 e 24/09/25	Análise, avaliación e deseño de medios de protección para a seguridade das máquinas	Santiago de Compostela	24
28, 29 e 30/10/25	Formación sobre axentes canceríxenos, mutáxenos e reprotóxicos. Taller práctico sobre identificación e medidas preventivas	Santiago de Compostela	29
18, 20, 24, 26 e 28/11/25	Aplicacións da intelixencia artificial no ámbito da PRL	Santiago de Compostela	25
<b>TOTAL</b>			<b>216</b>

#### 4.5 Participación en grupos de traballo

##### 4.5.1 Grupos de traballo de ámbito autonómico

#### DO CONSELLO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

No seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, acórdase a constitución de grupos técnicos de traballo co fin de contribuír á mellora das condicións de traballo e á prevención dos riscos específicos relacionados con cada un dos grupos de traballo, establecendo medidas de asistencia e apoio ás empresas.

### **Grupo de traballo Estratexia Galega SST 23-27**

Finalidade: elaboración e seguimento da estratexia actual que atende aos novos riscos derivados da transformación do mundo do traballo, sen descoidar os riscos tradicionais, con 6 obxectivos, liñas de actuación e medidas.

### **Grupo de traballo de amianto**

Finalidade: facer un seguimento do grao de cumprimento da normativa sobre amianto na nosa comunidade, e propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa, ou mesmo impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas. As actuacións, dirixidas a diferentes colectivos e sectores se é o caso, poderán ser de tipo informativo, de asesoramento, ou de estudo/investigación para a mellora das medidas técnicas de prevención e protección nos traballos con amianto.

### **Grupo de traballo de sílice cristalina respirable**

Finalidade: seguimento do grao de cumprimento da normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais nos traballos con maior exposición a po de sílice na nosa comunidade autónoma. Propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa e dos métodos de avaliación da exposición, sen deixar de lado outros riscos hixiénicos aos que está exposto este sector. Impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas dirixidas a estes mesmos fins.

### **Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral**

Finalidade: seguimento, avaliación e impulso das medidas de prevención de riscos naqueles sectores que presentan maiores índices de sinistralidade laboral na nosa comunidade autónoma. É o caso de ámbitos como a construción, a pesca, a industria, o agro, o forestal, os servizos, a xardinería ou os talleres de reparación de automóbiles, entre outros.

## **DO INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA**

### **Comisión para a integración da igualdade**

De acordo co artigo 29 dos estatutos do Issga, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2015), o Instituto conta cunha comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos.

A súa finalidade é propoñer as directrices de avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dese a luz recentemente ou en período de lactación; asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores laborais feminizados que realice a

Administración pública autonómica e atender as peticións de asesoramento que reciba, para o que se facilitarán os criterios e as alternativas para unha correcta aplicación da prevención de riscos laborais.

### **Grupo de traballo do persoal técnico habilitado**

Finalidade: posta en común e mellora dos procedementos e metodoloxía empregada na tramitación dos expedientes do persoal técnico habilitado. Revisión da instrución interna de traballo e dos modelos documentais.

### **Grupo de traballo de investigación de accidentes**

Finalidade: establecer un foro de debate entre o persoal técnico do Issga que desenvolve actuacións de investigación de accidentes que contribúa á mellora do procedemento de traballo seguido. Posta en común das investigacións de accidentes que se consideren máis relevantes ou de interese para o grupo.

### **Grupo de traballo do sector forestal**

Finalidade: elaboración de documentos formativos e informativos sobre condicións de traballo seguras no sector.

### **Grupo de traballo de seguimento do sistema informático de xestión integral das actuacións técnicas do Issga - SESAL**

Finalidade: posta en marcha de programas, proposta de melloras e revisión de incidencias da aplicación SESAL.

### **Grupo de traballo de coordinación nos procedementos e comprobacións nos traballos con exposición a amianto**

Finalidade: posta en común para coordinación e mellora dos procedementos e comprobacións nos traballos con exposición a amianto.

### **Grupo de traballo do mapa de risco químico en Galicia**

Finalidade: o grupo pon en marcha un proxecto co que pretende elaborar un Mapa de Risco Químico na nosa comunidade autónoma. Este proxecto recollerá datos sobre o uso de produtos químicos perigosos nas empresas galegas co fin de facer un diagnóstico da situación que permita exercer un labor asesoramento e asistencia técnica ás empresas para que o traballo cos produtos químicos non poña en perigo a saúde dos traballadores.

### **Grupo de traballo de seguridade Industrial**

Finalidade: posta en común das investigacións de accidentes que se consideren máis frecuentes e relevantes ou de interese para o grupo referidos sempre ao sector industrial co obxectivo de elaborar posteriormente unhas fichas de accidentes de traballo que recollan as principais causas e medidas correctoras. Na actualidade o grupo está a recabar datos de accidentes no sector de talleres de carpinterías.

### **Grupo de traballo sobre documentación risco químico**

Finalidade: actualización dos materiais da campaña para sensibilizar sobre os riscos derivados da manipulación de produtos químicos, incidindo especialmente na identificación e nas medidas preventivas fronte a este risco.

## **COMISIÓN NACIONAL DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO**

A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) é o órgano colexiado asesor das administracións públicas na formulación das políticas de prevención e o órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo (artigo 13 da Lei de prevención de riscos laborais).

Para o desempeño dos seus labores, a CNSST funciona en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo, conforme a normativa que establece o seu regulamento de funcionamento interno.

É de destacar a intensa actividade dos grupos de traballo, grazas á cal se presentaron ao pleno propostas e documentos de traballo que abordan a situación dea prevención de riscos laborais en diferentes sectores de actividade e, propoñen á súa vez, medidas tendentes á mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores.

Estes son os grupos de traballo nos que traballa algún membro do Issga representando á nosa comunidade autónoma:

### **Pleno da CNSST**

Finalidade: asesoramento ás Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo segundo o artigo 13 da LPRL.

### **Comisión permanente da CNSST**

Finalidade: asesoramento ás Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo segundo o artigo 13 da LPRL.

### **Grupo de traballo da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo**

Finalidade: seguimento das accións incluídas na Estratexia española de seguridade e saúde no traballo e avaliación do cumprimento dos seus obxectivos.

O Issga participa tamén no subgrupo Axenda Nacional Prevención do Cancro de Orixe Profesional.

### **Grupo de traballo de amianto**

Finalidade: estudo da evolución da situación española sobre riscos e patoloxía por amianto, así como ao seguimento sobre o cumprimento e a eficacia do preceptuado pola normativa sobre amianto, para o que se propón a adopción de medidas sobre a prevención fronte aos devanditos riscos ou, no seu caso, a modificación e actualización da citada normativa.

### **Grupo de traballo de traballadores autónomos**

Finalidade: estudo e análise das actividades con maior risco de sinistralidade do traballador autónomo, análise dos criterios para a elaboración de datos estatísticos sobre sinistralidade dos traballadores autónomos e seguimento, análise e avaliación das ferramentas informáticas postas a disposición do colectivo de autónomos polo INSST.

### **Grupo de traballo de construción**

Finalidade: a análise e seguimento da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais ao sector da construción.

### **Grupo de traballo do sector agrario**

Finalidade: estudo e seguimento da aplicación da normativa preventiva no sector agrario, estudo dos temas específicos do seu ámbito de actuación, así como as actividades derivadas destes estudos. Hai tres subgrupos que funcionan asociados a este grupo nos que tamén participa o Issga:

- Subgrupo Seguimento de Propostas GT Sector Agrario.
- Subgrupo Boas prácticas en PRL na actividade forestal.
- Subgrupo Vixilancia da saúde no sector agrario.

### **Grupo de traballo de valores límite**

Finalidade: implantar e actualizar anualmente un sistema nacional de valores límite indicativos, referidos á exposición a axentes químicos no ambiente de traballo, co fin de previr os posibles riscos que puidesen entrañar para os traballadores.

Cada ano o grupo eleva ao pleno para a súa aprobación o documento Límites de exposición profesional para axentes químicos en España.

### **Grupo de traballo de seguridade viaria laboral**

Finalidade: estudo dos accidentes de tráfico laborais. Os traballos deste grupo oriéntanse aos seguintes obxectivos:

- Analizar os datos estatísticos dos accidentes de tráfico laborais.
- Analizar a problemática derivada dos accidentes de tráfico laborais en xornada de traballo e propoñer medidas que se deban adoptar.

### **Grupo de traballo do sector marítimo pesqueiro**

Os traballos do grupo oriéntanse a:

- Estudar a información existente sobre condicións de traballo no sector pesqueiro e elaborar propostas para a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo no devandito sector.
- Recompilar os instrumentos e as ferramentas deseñadas a nivel nacional e enfocadas cara á avaliación de riscos e prevención da sinistralidade neste sector.
- Promover os instrumentos e as ferramentas deseñadas a nivel nacional e enfocadas cara á avaliación de riscos e prevención da sinistralidade neste sector.

O Issga participa tamén no subgrupo enfermidades profesionais.

### **Grupo de traballo de notificación e rexistro de AT**

Finalidade: identificar as oportunidades de mellora baseada na análise da información facilitada polas CC.AA., a ITSS e outros axentes, sobre o estado de situación e debilidades do sistema Delt@.

### **Grupo de traballo de sílice cristalina respirable**

Finalidade: Análise e seguimento da aplicación da normativa de canceríxenos en procesos ou actividades onde haxa presenza de SCR e elaboración de propostas de mellora. Definir unha metodoloxía e desenvolver un mapa de exposición a sílice cristalina respirable por actividades prioritarias.

### **Grupo de traballo de transicións dixital, ecolóxica e demográfica**

Finalidade: afondar no estudo dos riscos relacionados coa seguridade e a saúde laboral nas diferentes transicións: dixital, climática e demográfica, co obxectivo de mellorar a calidade da xestión preventiva para reducir a sinistralidade laboral e acadar o benestar no traballo. Hai dous subgrupos que funcionan asociados a este grupo nos que tamén participa o Issga:

- Subgrupo de transición demográfica.
- Subgrupo de transición dixital.

### **Grupo de traballo sobre riscos psicosociais e saúde mental**

Finalidade: mellorar a prevención dos riscos psicosociais, promovendo o coñecemento, fortalecendo os sistemas de información e a actividade preventiva, e consolidando a promoción da saúde en materia de factores psicosociais.

## **REDE INTERTERRITORIAL DE SST**

### **Rede interterritorial de SST**

Finalidade: facilitar a cooperación e coordinación das actuacións desenvoltas polo INSST e polos institutos ou órganos máximos competentes en materia de SST das CCAA.

**Grupo de traballo: Base de situacións de traballo - caracterización de situacións de exposición a axentes químicos (BASEQUIM)**

Finalidade: crear unha base de datos de situacións de traballo que impliquen exposición potencial a axentes químicos e que sirva de consulta e referencia en situacións reais similares ás que describa a base.

**Grupo de traballo: Análise cualitativa da mortalidade por accidente de traballo**

Finalidade: coñecer as causas dos accidentes de traballo e as características asociadas relevantes para a súa prevención. Na actualidade recollen información sobre os accidentes graves ocorridos e mortais, de acordo cos cambios metodolóxicos introducidos a partir do 01/01/08.

**Grupo de traballo: Axentes canceríxenos ou mutáxenos**

Finalidade: coñecer o grao de aplicación do Real Decreto 665/1997, identificar as principais dificultades que poidan existir para a aplicación deste real decreto e buscar criterios comúns nesta materia. Así mesmo, coñecer unha estimación do número de traballadores potencialmente expostos a axentes canceríxenos ou mutáxenos.

**Grupo de traballo: Prevención10**

Finalidade: intercambio de experiencias sobre a implantación nas pemes do servizo público Prevencion10.es, así como coñecer os datos de explotación do servizo para ir abordando posibles melloras e actuacións encamiñadas á mellor difusión de Prevencion10.es.

**Grupo de traballo: Enfermidades profesionais**

Finalidade: contribuír á prevención dos riscos laborais que están a xerar as enfermidades profesionais, mellorar a protección da saúde laboral das persoas traballadoras e asesorar ás empresas e servizos de prevención para a xestión destes danos profesionais. Todo iso, a través de xerar un coñecemento sobre o comportamento, distribución e causas das enfermidades profesionais e daquelas que se relacionan coas condicións de traballo, promovendo a aplicación de métodos e estratexias de epidemioloxía laboral de campo, como base para a toma de decisións na priorización de plans de actuación e programas de prevención das enfermidades profesionais por parte das Administracións Públicas con competencias en materia de Seguridade e Saúde no Traballo e morbilidade de orixe laboral.

**Grupo de traballo: Límites de exposición profesional**

Finalidade: presentar propostas para a inclusión ou modificación dos valores límites de exposición profesional recollidos no documento anual de Límites de Exposición Profesional para axentes químicos en España (LEP) e elaboración dos Documentos toxicolóxicos para o establecemento de valores límites de exposición profesional.

### **Grupo de traballo: Integración da perspectiva de xénero en PRL**

Finalidade: crear unha rede de traballo e colaboración que permita coñecer a realidade da integración da perspectiva de xénero na PRL.

O Issga participa no subgrupo sobre Criterios técnicos homoxéneos para a integración da perspectiva de xénero na xestión preventiva

### **Grupo de traballo: Xestión de riscos psicosociais**

Finalidade: desenvolvemento de proxectos técnicos ou accións conxuntas específicas co obxectivo de impulsar que se realice a xestión dos riscos psicosociais nas empresas.

### **Grupo de traballo: Amianto**

Finalidade: desenvolver, conxuntamente, liñas de traballo para mellor comunicación e o intercambio de información e coordinación de actuacións que melloren os traballos con amianto. O Issga participa nos seguintes subgrupos:

- Guía para o seguimento e control da execución de Plans de Traballo ("checklist").
- Formación.

### **Grupo de traballo: Coordinación de actividades formativas e divulgativas**

Finalidade: coordinación e atención das necesidades formativas e divulgativas dos membros da Rede a través de actuacións como o intercambio de información sobre as necesidades formativas e divulgativas existentes que poidan ser impartidos por persoal técnico da Rede ou a planificación das accións formativas e divulgativas de maneira organizada e coordinada para dar unha resposta adecuada ás necesidades formuladas.

### **Grupo de traballo: Mellora da calidade dos servizos de prevención**

Finalidade: mellorar a calidade das actividades preventivas desenvolvidas polos servizos de prevención. Mellorar a coordinación entre os órganos da Administración implicados nas acreditacións e autorizacións dos SP e no seguimento das súas actividades.

O Issga participa no subgrupo Calidade técnica dos Servizos de Prevención.

### **Grupo de traballo: Rede de médicos sentinela de adenocarcinoma de seos paranasais**

Finalidade: a través de diversos estudos realizados trátase identificar e informar sobre a exposición ocupacional a diferentes axentes canceríxenos e a súa relación cos tumores de seos paranasais.

### **Grupo de traballo de Protocolo de investigación de AT non traumáticos (PIANT)**

Finalidade: deseño, ensaio e aplicación dun instrumento para a investigación dos accidentes de traballo por causa cardiovascular e/o cerebro vascular, co obxectivo de establecer accións específicas. A finais do 2024 dáse por concluído a elaboración do protocolo de recollida de datos e no ano 2025 participouse no ensaio do protocolo.

#### **4.5.3 Grupos de traballo con outras comunidades autónomas**

### **UNE (ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE NORMALIZACIÓN)**

#### **Comité Técnico CTN-UNE 81 "Medios de Protección Persoal e Colectiva"**

Finalidade: participación, a nivel internacional, no Comité técnico de normalización encargado dos traballos en materia de seguridade e saúde no traballo.

### **GRUPO CANO**

Este grupo está formado polos institutos de seguridade e saúde laboral de Galicia (Issga), Asturias (IAPRL), Cantabria (ICASST) e País Vasco (OSALAN).

**Finalidade: elaboración conxunta de publicacións sobre seguridade e saúde laboral dos traballadores e traballadoras das comunidades autónomas de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.**

#### **4.5.4 Outros**

#### **Comité de verificación de empresas saudables**

Finalidade: seguimento do programa de recoñecemento de boas prácticas das empresas en promoción da saúde.

#### **Rede española de seguridade e saúde no traballo**

Finalidade: posta en común de aspectos de interese sobre a PRL entre órganos das administracións públicas, sindicatos e organizacións empresariais.

#### **Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía**

Finalidade: realización de actuacións conxuntas e colaboración entre as distintas consellerías da Xunta de Galicia en materia de información xeográfica.

#### **Equipo de valoración de vítimas de amianto**

Finalidade: dar resposta ás peticións do certificado de patoloxías derivadas desta exposición reguladas no Real Decreto 483/2025, do 17 de xuño, polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica para as vítimas do amianto, que entrou en vigor en setembro de 2025.

#### 4.6 Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

O Issga participou nas actividades formativas realizadas en colaboración con outras entidades como a Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais, Axencia Galega de Calidade Alimentaria, Asociación Nacional de Mulleres da Pesca, Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Colexio de Psicoloxía de Galicia, Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, Colexio Oficial de Licenciados/as en Educación Física de Galicia Asociación de Graduados Sociais de Ferrol, Confederación de Empresarios de Galicia, Fundación Laboral da Construción, SGS Tecnos, Xefatura Provincial de Trafico, Asociación Profesional de Empresas Medioambientales de Galicia (APROEMA), Asociación de Talleres de Ourense (ATAVE) entre outras.

- 22/01/25: Presentación aplicación RQ APP para axudar a identificar produtos perigosos nos cosméticos\_ Instituto Asturiano de Prevención Riesgos Laborales-IAPRL\_Oviedo
- 06/02/25: "Uso, mal uso e abuso de medicamentos e outras substancias no contexto laboral: Riscos, prevención e solucións"\_Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- 12/03/25: Mesa de debate: a seguridade na construción e a industria. Factor clave na prevención e a seguridade\_Colexios Profesionais
- 27/03/25: Saúde integral e benestar laboral do Foro técnico de PRL no Polígono industrial de Arteixo-Sabón\_CEC
- 10/04/25: Xornada técnica sobre a protección fronte a sílice cristalina respirable\_organizada por 3M\_Rande
- 23/04/25: Fortalecendo a protección e o fomento do diálogo social para unha cultura de seguridade e saúde no traballo \_CSIF
- 25/04/25: Foro Técnico PRL 2024-Polígono Bergondo \_CEC
- 05/05/25: Xornadas sobre a tramitación de enfermidades profesionais na CCAA Galicia\_ Acis-Consellería Sanidade
- 09/05/25: Sogametra \_ Xornada luso-galaica de medicina do traballo
- 10/06/25: "Vida saudable e traballo"\_Fundación Isonor
- 17/06/25: A redución da sinistralidade laboral a través da mellora da xestión preventiva dos riscos nos lugares de traballo\_organizada pola UPTA \_Padrón
- 18/06/25: Sílice: unha ameaza para a túa saúde e o teu negocio\_Confederación Empresarial de Ourense
- 20/06/25: FOROMAR 2025: un espazo de diálogo e mellora do traballo autónomo no mar\_Vilagarcía de Arousa
- 06/08/25: Visita ao Centro Issga de Ourense do Campamento Urbano Amencer
- 12/09/25: Xornada de prevención e seguridade na estiba portuaria\_Asociación de empresas estibadoras de Vigo (Asemes) e da Asociación de profesionais de seguridade e saúde laboral de Galicia (Aprosal)\_Vigo

- 24/09/25\_ I Xornadas sobre enfermidades profesionais da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST)\_Zaragoza
- 26/09/25: Xornada Galega PRL, organizada pola Confederación de Empresarios da Coruña xunto coas tres universidades públicas galegas\_Santiago de Compostela
- 10/10/25: O recurso preventivo e outras vixilancias de traballos\_Instituto Cántabro de Seguridad y Salud en el Trabajo – ICASST
- 16/10/25: Ergonomía como estratexia para a prevención de baixas laborais no sector do granito\_Asociación do clúster do granito
- 17/10/25: Xornadas Técnicas sobre Seguridade e Saúde Laboral na Industria, organizada pola Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME)\_Vigo
- 20/10/25: O recurso preventivo e outras vixilancias de traballos\_Instituto Vasco de Seguridad y Salud Laborales-OSALAN
- 4/10/25: Xornada Técnica sobre seguridade e saúde no sector da pizarra\_Cluster da Pizarra de Galicia\_ Sobradelo (Carballeda de Valdeorras)
- 22/10/25: Seminario A vixilancia da saúde na actividade forestal\_Asociación de empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo (Lugomadera)\_Lugo
- 28/10/25: Xornada técnica: innovación e no uso seguro de escaleiras de man\_Fundación Laboral da Construción\_FLC
- 29/10/25: O recurso preventivo e outras vixilancias de traballos\_Instituto Asturiano de Prevención Riesgos Laborales-IAPRL
- 20/11/25: IX edición do Congreso de Prevención e Seguridade Industrial 4.0\_Participación no xuízo simulado
- 31/10/25: Foro da prevención do risco psicosocial, organizado pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)\_Santiago de Compostela
- 05/11/25: XV Congreso Internacional e XIX Nacional de Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada (PREVERAS 2025)\_Xixón
- 20/11/25: Xornada técnica "Solucións de protección persoal para os riscos en traballos do sector do metal", organizada por 3M
- 14/11/25: Seguridade nos traballos forestais\_Plataforma pola defensa do monte\_Rianxo
- 21/11/25: XXVIII Xornada Sociedade Galega de prevención de riscos laborais: Saúde Mental no Traballo: O Novo Pilar do Século XXI\_Ourense
- 22/11/25: VI Xornada Galega de Actualización en Enfermería do Traballo "Coidando profesionais, unindo persoas"\_Vigo
- 29/11/25: Encontro de Redeiras\_Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao\_Teo

## 5. Relacións con outros organismos

### 5.1 Convenios e acordos de colaboración

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais

Data de sinatura: 05/03/2025

- Convenio de colaboración para reforzar a coordinación institucional fronte á sinistralidade laboral que establece un marco estable de colaboración entre a Xunta de Galicia –a través da Consellería de Emprego, en calidade de Autoridade Laboral, e do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)– e a Fiscalía

Data de sinatura: 08/07/2025

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para o desenvolvemento do proxecto Benseguro.

Data de sinatura: 09/07/2025

### 5.2 Coordinación con outros organismos da Administración

#### Xunta de Galicia

- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
  - Consello Reitor do Issga
- Dirección xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
  - Rede de Comunicación dos Accidentes Laborais (112)
  - Grupos de acción dos Plans de emerxencia exterior de Galicia (PEE)
- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

- Remisión da memoria anual referida ao período de actividades do ano 2024 conforme ao artigo 22.h do Decreto 165/2014
- Escola Galega de Administración Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública
  - Colaboración na realización de cursos de formación
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade
  - Consello Reitor do Issga
- Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade
  - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo
  - Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto
  - Plataforma de saúde laboral para a comunicación de sospeitas de enfermidade profesional
- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria.
  - Consello Reitor do Issga

### **Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)**

- En materia de seguridade e saúde no traballo

### **Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST)**

- Rede interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST)
- Asistencia e participación en xornadas
- Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas
- Adhesión ao 'Programa europeo de promoción da saúde nos centros de traballo', liderado polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) e que ten por obxectivos mellorar a organización e as condicións de traballo, promover a participación activa e fomentar o desenvolvemento individual.

### **Outros institutos de seguridade e saúde laboral**

- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (Osalan), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)

## Outros organismos

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración segue a levar a cabo o plan autonómico contra o emprego non declarado en Galicia, que realiza en coordinación co Estado. Esta campaña está dirixida a reforzar as inspeccións para detectar faltas de alta na Seguridade Social e loitar fundamentalmente contra o fraude de prestacións no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo
  - Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
- Instituto Social da Mariña
  - Colaboración cos representantes do sector pesqueiro para a prevención de riscos laborais no mar
  - Plan Vixía

## 6. Actuación técnica

### 6.1 Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007)

Lévanse a cabo as seguintes actuacións:

#### 6.1.1 Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións Isga artigo 4a, 4f)

A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Ademais, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.

A este respecto, cabe recordar que unha das funcións do instituto é analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.

A continuación indícase o número de investigación de accidentes de traballo que se realizaron no ano 2025, por parte do persoal técnico do Isga:

Investigacións de accidentes	Mortais	Moi graves	Graves	Leves	Totais
<b>Totais</b>	<b>21</b>	<b>10</b>	<b>270</b>	<b>118</b>	<b>419</b>

### 6.1.2 Investigación de accidentes consonte o Convenio coa Fiscalía

Consonte o protocolo de coordinación asinado entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, trátase neste caso de investigar, a requirimento e con presteza, os accidentes que poidan dar lugar á esixencia de responsabilidades penais

Investigación de accidentes consonte o convenio coa Fiscalía	Mortais	Moi graves	Graves	Leves	Totais
<b>Totais</b>	<b>15</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>24</b>

### 6.1.3 Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social publicouse no Real decreto 1299/2006 do 10 de novembro (BOE do 19.11.2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

A investigación permite coñecer as causas que as provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.

A continuación indícanse as enfermidades profesionais investigadas polo persoal dos equipos técnicos de medicina do traballo do Issga, diferenciadas por sector de actividade e grupo de clasificación:

	Grupo de Enfermidade Profesional						Totais
	1	2	3	4	5	6	
<b>Investigación de Enfermidades Profesionais</b>	<b>16</b>	<b>57</b>	<b>3</b>	<b>22</b>	<b>13</b>	<b>1</b>	<b>112</b>
<b>Nº Visitas</b>	<b>24</b>	<b>79</b>	<b>1</b>	<b>29</b>	<b>18</b>	<b>2</b>	<b>153</b>
<b>Informes</b>	<b>19</b>	<b>57</b>	<b>3</b>	<b>24</b>	<b>16</b>	<b>4</b>	<b>123</b>

#### NOTA ACLARATORIA:

Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos

Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos

Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos

Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos

Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos

#### 6.1.4 Sospeitas de enfermidades profesionais

Ademais das enfermidades profesionais, tamén se investigan as sospeitas de enfermidades profesionais en colaboración coa autoridade sanitaria. Lévese a cabo un asesoramento técnico en saúde laboral no circuíto de comunicación de sospeita de enfermidades profesionais e intercambio de información sobre os casos comunicados.

A continuación indícanse as sospeitas de enfermidades profesionais investigadas polo persoal dos equipos técnicos de medicina do traballo do Issga, diferenciadas por sector de actividade e grupo de clasificación:

	Grupo de Enfermidade Profesional						Totais
	1	2	3	4	5	6	
<b>Sospeitas de enfermidades profesionais</b>	3	112	0	23	5	4	147

#### NOTA ACLARATORIA:

Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos

Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos

Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos

Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos

Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos

#### 6.1.5 Actuacións do persoal técnico habilitado

Dispónse de doce prazas de técnicos habilitados pola autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo.

O número total de actuacións do persoal técnico habilitado foron 558 que afectaron a 209 empresas.

#### 6.1.6 Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

O Issga, como organismo técnico de referencia, e consonte os fins que lle asigna a Lei 14/2007, presta asesoramento e asistencia técnica ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais, para o

mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e realiza a análise das condicións de traballo cando así o solicita calquera das partes implicadas na prevención de riscos laborais, ou mesmo a autoridade xudicial.

A actuacións de asistencia técnica a requirimento foron 126. Nestas actuacións se inclúen as asistencias a persoal traballador ou sindicatos, ás administracións públicas (Inspección de Traballo e Seguridade Social, xulgados, Consellería competente en materia de educación, e outras).

## 6.2 Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o Issga préstalle o seu apoio ou ben ten asumida a xestión dos seguintes procedementos administrativos:

- **Informes técnicos**

Elabóranse o 100% dos informes técnicos solicitados pola autoridade laboral:

Informes técnicos emitidos	
Informes sobre coeficientes reductores á idade de xubilación	5
Informes sobre acreditación de servizos de prevención	3

## 6.3 Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

Desenvolvéronse as seguintes accións de asesoramento sobre aspectos técnicos e organizativos:

### 6.3.1 En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

- **Seguimento de grandes obras de construción e obra civil**

O número de accións do persoal técnico do Issga indícase no seguinte cadro:

Plan de actuacións en grandes obras	Técnicos do Issga coa ITSS	Técnicos do Issga	Totais
Visitas	17	1	18
Actuacións	57	7	64
Requirimentos/comprobación documental	13	4	17
Xuntanzas	15	-	15
Investigación de accidentes	-	2	2
Núm. de empresas	128	9	137

### ■ Plan sectorial de pesca

O sector pesqueiro continúa sendo un dos primeiros axentes da economía galega e tamén un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco por mor de peculiaridades como a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso, e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda.

Isto fai que o labor de prevención dos riscos deste sector presente unha gran dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en mar alto.

No 2025 desenvolvéronse 25 das actuacións de asesoramento neste sector.

#### 6.3.2 Accións propias do Issga: plans sectoriais

Trátase de actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial e fronte a riscos determinados, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como a desenvolver unha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

Enmarcáronse dentro dos plans ou programas e coas actuacións que se reflicten no seguinte cadro:

	Total actuacións
Programa por sectores de actividade	219

### ■ Outras actuacións técnicas

Encadradas no Plan de actuación do Instituto para o 2025, tamén se desenvolveron as actividades que se indican a continuación:

	Total actuacións
Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes	325

Nos equipos de valoración de incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social un técnico do Issga actúa como experto en seguridade e saúde laboral.

	Total actuacións
Asistencia a grupos de traballo técnicos	133

Contabilízanse as asistencias por parte do persoal técnico do instituto ás reunións dos grupos de traballo técnicos formalmente constituídos.

## 6.4 Accións formativas

Dirixidas a traballadores, empresarios, dirixentes sindicais, directores técnicos de empresas e institucións públicas, técnicos e profesionais da prevención de riscos laborais, etc.

A oferta formativa do Issga dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web. No ano 2025 realizáronse as seguintes accións formativas:

### 6.4.1 Cursos

#### FORMACIÓN EN LIÑA

En liña	Núm. accións	Núm. alumnos
Cursos de PRL en liña - Nivel básico - 60 horas	9	855
Cursos de PRL en actividades de tempo libre en liña - Nivel básico - 60 horas	1	98
Cursos de PRL en liña para persoal traballador autónomo - Nivel básico - 60 horas	1	97
<b>TOTAL</b>		<b>1.050</b>

Dentro dos cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña de 60 horas, un deles fíxose en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, e dedicóuselle un módulo aos riscos específicos das actividades de tempo libre. Así mesmo, tamén se organizou un curso específico para o persoal traballador autónomo.

- **Curso de prevención de riscos laborais en liña. Nivel básico 60 h (9 edicións)**
  - Do 11/03/2025 ao 09/05/2025: T01, T02 e T03
  - Do 22/04/2025 ao 20/06/2025: T01, T02 e T03
  - Do 16/09/2025 ao 14/11/2025: T01, T02 e T03
- **Curso básico de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre en liña. Nivel básico. 60 h**
  - Do 23/09/2025 ao 21/11/2025
- **Curso de prevención de riscos laborais para traballadores autónomos en liña. Nivel básico. 60 h**
  - Do 25/3/2025 ao 15/5/2025

**FORMACIÓN PARA UN TRABALLO SEGURO**

## ■ Para persoal traballador e peme

Curso	Nº edicións	Asistentes
Prevenición de riscos laborais no sector forestal, sobre o manexo seguro da motoserra e rozadoira_15 horas	6	75
Prevenición de riscos laborais en tarefas de axuda a domicilio e atención á dependencia_16 horas	10	108
<b>TOTAL</b>		<b>183</b>

## ■ Para o alumnado de formación profesional

Curso	Nº edicións	Asistentes
Traballos en altura: seguridade en escaleiras manuais_6 horas	14	199
Gamificación para avanzar na prevención de riscos laborais no sector forestal_15 horas	6	81
<b>TOTAL</b>		<b>280</b>

## ■ Para o alumnado de obradoiros de emprego

Actividades que desenvolveron o programa de sensibilización e información en prevención de riscos laborais nos obradoiros de emprego, que contou coa participación de case 300 persoas, e na que o persoal técnico do Issga se desprazou ata os lugares onde se realizaron os obradoiros para realizar accións formativas de sensibilización en PRL estreitamente relacionadas coas súas ocupacións.

- Instalación de elementos de carpintería
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes
- Traballos en xardinaría e mellor de montes
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes
- Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais
- Albanelería
- Riscos nos traballos forestais
- Riscos nos traballos agrícolas
- Carpintería de madeira
- Primeiros auxilios
- Prevención de riscos sociais

- Pesca e acuicultura
- Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas
- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
- Hostalaría
- Enerxías renovables

Provincia	Nº visitas	Asistentes
A Coruña	4	68
Lugo	6	66
Ourense	9	90
Pontevedra	5	59
<b>TOTAL</b>	<b>24</b>	<b>283</b>

## FORMACIÓN PARA O PERSOAL TÉCNICO

Actividades destinadas a formar ao persoal técnico en prevención de riscos laborais co fin de actualizar e afondar os seus coñecementos relacionados coas actividades que desenvolve ou con temas preventivos novos e de actualidade sobre PRL e nos que se abre a posibilidade de participar ao persoal técnico dos gabinetes técnicos das organizacións sindicais e empresarial.

Data	Título	Lugar	Asistentes
11, 12 e 13 de xuño de 2025	Curso de verán_Riscos psicosociais no traballo: avances científicos e enfoques aplicados	Ribadeo	43

### 6.4.2 Xornadas técnicas

#### Modalidade WEBINAR

Data	Título	Asistentes
06/03/2025	Recursos para a xestión da desconexión dixital	152
25/03/2025	Coida o teu corazón: saúde cardiovascular	129
24/04/2025	A transformación tecnolóxica na PRL	167
30/04/2025	Workshop: ollos sans	164
07/05/2025	Coida o teu corazón: actividade física	81
10/10/2025	Estratexias fronte ao malestar emocional	339
21/10/2025	Intelixencia artificial, dixitalización e PRL: cara a traballos máis seguros e saudables	160
13/11/2025	Novidades na guía técnica de manipulación manual de	186

## Informe xeral de actuacións e de xestión 2025

Data	Título	Asistentes
	cargas do INSST	
10/12/2025	Habilidades comunicacionais e xestión de conflitos	352
<b>TOTAL</b>		<b>1.730</b>

### Modalidade PRESENCIAL

Data	Título	Lugar	Asistentes
12/03/25	Taller práctico de risco eléctrico en baixa tensión_Previsel	Ourense	41
12/03/25	Campaña ISSGA "Paneis solares en cubertas: recomendacións preventivas contra caídas de altura"_Previsel	Ourense	22
13/03/25	Taller ISSGA: riscos musculoesqueléticos no uso de pantallas en oficinas_Previsel	Ourense	16
27/03/25	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas".Monforte_1	Monforte	50
28/03/25	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas".Monforte_2	Monforte	41
22/04/25	Presentación da guía "Boas prácticas para a xestión preventiva dende a perspectiva de xénero"	Lugo	54
28/04/25	Persoal técnico en PRL: invisibles no éxito	Santiago de Compostela	94
09/05/25	Coordinación de actividades empresariais: elemento clave da acción preventiva no sector naval	Rande	71
14/05/25	Prevención de riscos laborais na xestión de espectáculos públicos temporais	Santiago de Compostela	61
03/06/25	Clima e traballo: prevención ante novos riscos	A Coruña	43
23/06/25	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas".Monforte_3	Monforte	56
24/06/25	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas".Monforte_4	Monforte	36
25/06/25	Desperta ao perigo: somnolencia e seguridade viaria	Lugo	50
19/09/25	Cancro laboral: Axenda nacional do cancro laboral	A Coruña	80
29/09/25	Presentación da campaña "Prevención de	Cambados	21

Data	Título	Lugar	Asistentes
	riscos laborais nos traballos da viña"		
03/10/25	Orientacións para a xestión segura dos materiais con amianto. Retos de futuro	Santiago de Compostela	85
15/10/25	Guía de boas prácticas "Prevención das enfermidades da voz no ámbito laboral"	A Coruña	21
17/10/25	O recurso preventivo e outras vixilancias de traballos	Ourense	67
23/10/25	Dixitalización do traballo: traballos seguros e saudables na era dixital	Rande	109
17/11/25	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas".Monforte_5	Monforte	54
20/11/25	PRL no sector agrario. Campaña "A túa vida sen voltas".Monforte_6	Monforte	41
28/11/25	Incendios en sistemas fotovoltaicos e baterías: normativa, prevención e resposta	Rande	110
<b>TOTAL</b>			<b>1.223</b>

#### Modalidade PRESENCIAL\_Alumnado de formación profesional

Centro educativo	Data	Xornada técnica_temática	Asistentes
IES Plurilingüe Valga	21/01/25	Prevención de riscos e medidas preventivas en caldeiraría"	24
IES Plurilingüe Valga	21/01/25	Prevención de riscos laborais: Caídas de altura	16
CFEA Pedro Murias	26/02/25	Prevención de riscos laborais no sector agroforestal e Primeiros auxilios.	16
IES de Foz.	18/03/25	Primeiros auxilios. Teoría e práctica.	20
IES Romero Lema	21/03/25	Conceptos Básicos en PRL "Técnicos en Sistemas Microinformáticos E Redes"	20
Unidade de formación Hospital Alvaro Cunqueiro	09/09/25	Formación para os MIR. Sílice, Amianto. Actuacións do ISSGA en Enfermidades Profesionais	7
IES ARZOBISPO XELMIREZ I	29/10/25	Integración da prevención	35
EFA A Cancela	05/11/25	Primeiros auxilios no ámbito laboral	12
EFA A Cancela	05/11/25	Riscos laborais xerais	40
IES Plurilingüe Valga	10/12/25	Prevención de riscos. Saída profesional	30
IES Foz	19/12/25	Xornada técnica sobre primeiros auxilios	35
<b>TOTAL</b>			<b>255</b>

## 6.5 Hixiene analítica

No seu Plan de Actuación 2025, o Issga establece para o Laboratorio de referencia de hixiene analítica (LHA) a actuación consistente na realización das determinacións analíticas demandadas por entidades ou as precisas no desenvolvemento das actividades de investigación e control propias do Instituto. O Issga pon á disposición das persoas interesadas o servizo consistente na realización de determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos. Ten ademais outra actuación específica consistente na realización de determinacións analíticas para os servizos de prevención do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

As mostras analizadas polo LHA son tanto mostras ambientais (metais, materia particulada, compostos orgánicos volátiles, formaldehido, fibras,...) como mostras biolóxicas (sangue, soro, urina,...) dos traballadores procedentes da exposición a axentes químicos.

O LHA está acreditado como laboratorio especializado na análise (reconto) de fibras de amianto, coa contrasinal de acreditación GA-ALA nº1, segundo se recolle na Resolución do 19 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (BOE nº 10, do 12/01/2015). A última revisión desta acreditación levouse a cabo durante ano 2022. Esta acreditación establece que o Laboratorio de Hixiene Analítica do Issga cumpre cos termos especificados no protocolo para a acreditación de laboratorios especializados na análise (reconto) de fibras de amianto consonte ao establecido no Anexo II do Real decreto 396/2006, confirmando a capacidade técnica do Laboratorio segundo a normativa vixente.

A continuación resúmese a actividade do Laboratorio de Referencia de Hixiene Analítica durante o ano 2025 que, fundamentalmente, ten que ver co mantemento do sistema de calidade e coa realización de determinacións analíticas.

**Mantemento do sistema de calidade.** Nesta área inclúense todas aquelas actividades documentais e de xestión que permiten manter o sistema de calidade do laboratorio para garantir o correcto funcionamento do LHA e darlle fiabilidade aos seus resultados. Tamén se inclúen neste apartado, a participación en programas de control de calidade interlaboratorio organizados polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST). Na actualidade o LHA do Issga participa nos seguintes Programas interlaboratorio de control de calidade do INSST:

- PICC-Met: determinación de metais en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica (Cd, Cr, Ni e Pb)
- PICC-VO: determinación de vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases (n-hexano, ciclohexano, benceno, etilbenceno, tolueno, m-xileno, clorobenceno, 1,1,1-tricloroetano, acetato de etilo e acetato de n-butilo)
- PICC-Gr: determinación de materia particulada en filtros por gravimetría (filtros de PVC e filtros de FV)
- PICC-FA: contaxe de fibras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases.

- PICC-MetU: determinación de metais en urina por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío (Cr e Hg).

**Realización de determinacións analíticas.** A actividade analítica resúmese en catro táboas, das que a Táboa 1 fai referencia á actividade do laboratorio en relación ao número de mostras; a Táboa 2, ao número de análises; a Táboa 3, ao número de determinacións realizadas e a Táboa 4, ao número de mostras, análises e determinacións, segundo o tipo de mostra. Todas as táboas diferencian a actividade tanto por programas como por técnicas analíticas. O período comprendido é o que vai do 01.01.2025 ao 31.12.2025.

**TÁBOA 1. Número de mostras segundo programa e técnica analítica**

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	
Cromatografía de gases	10		2	5	17
HPLC		4	26	13	43
Espectrofotometría de absorción atómica	5		1	5	11
Gravimetría	40			14	54
Microscopia	12				12
<b>Total</b>	<b>67</b>	<b>4</b>	<b>29</b>	<b>37</b>	<b>137</b>

LHA 1. Aseguramento da calidade

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos

LHA 3. Análises externas

C.I. Controis internos

**TÁBOA 2. Número de análises segundo programa e técnica analítica**

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	
Cromatografía de gases	18				18
HPLC		7	58		65
Espectrofotometría de absorción atómica	10		6		16
Gravimetría	97				97
Microscopia	24				24
<b>Total</b>	<b>149</b>	<b>7</b>	<b>64</b>		<b>220</b>

LHA 1. Aseguramento da calidade (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 3. Análises externas (inclúe os correspondentes controis internos)

C.I. Controis internos

TÁBOA 3. Número de determinacións segundo programa e técnica analítica

Técnica analítica	Programa de actividade				Total
	LHA1	LHA2	LHA3	C.I.	
Cromatografía de gases	272				272
HPLC		28	225		253
Espectrofotometría de absorción atómica	44		6		50
Gravimetría	291				291
Microscopia	24				24
<b>Total</b>	<b>631</b>	<b>28</b>	<b>231</b>		<b>890</b>

LHA 1. Aseguramento da calidade (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos (inclúe os correspondentes controis internos)

LHA 3. Análises externas (inclúe os correspondentes controis internos)

C.I. Controis internos

TÁBOA 4. Número de mostras, análises e determinacións segundo o tipo de mostra

Tipo de mostra	Mostras	Análises	Determinacións
Filtros metais	8	10	44
Filtros materia particulada	54	97	291
Filtros fibras	12	24	24
Tubo de carbón activo	17	18	272
Tubo sílica xel_DNPH	43	65	253
Mostras biolóxicas	3	6	6
<b>Total</b>	<b>137</b>	<b>220</b>	<b>890</b>

## 6.6 Medicina do traballo, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada

Os catro centros territoriais do Issga dispoñen de instalacións sanitarias autorizadas en Medicina do Traballo e análises clínicas para facer recoñecementos médicos segundo as actividades programadas no Plan anual de actuación do Issga, fundamentalmente a traballadores e traballadoras autónomos. Estas actividades permiten o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos en saúde laboral para a identificación de enfermidades laborais vinculadas a riscos novos e emerxentes e analizar a súa correlación coas condicións de

traballo, contribuíndo a visualizar as enfermidades profesionais. Ademais, permite mellorar o coñecemento das patoloxías profesionais e coñecer as actividades con máis risco.

Recoñecementos médicos	
Análises clínica	36
Probas médicas complementarias	
Probas auditivas	36
Probas respiratorias	36
Probas visuais	174
Probas cardíacas	67
Outras probas	233

Ademais, participan noutras actividades:

- Elaborar guías de boas prácticas en determinados sectores laborais o por patoloxías (conservas, patoloxías profesionais da voz,..), guías de vixilancia da saúde e documentos técnicos en saúde laboral e en fichas de investigación de EP.
- Investigación e elaboración do informe para a autoridade sanitaria, dos casos de sospeita de enfermidade profesional que derivan os facultativos de Atención Primaria do Sergas e dos Servizos de prevención a Inspección Médica o que permitirá avaliar e coñecer como están a influír as condicións de traballo na saúde da poboación traballadora; detectar novos factores e actividades de risco, identificar novas patoloxías e xerar coñecemento a partir dos danos e condicións de traballo implicados.
- Asesoramento á autoridade sanitaria das desviacións detectadas nas actuacións sanitarias dos servizos de prevención.
- Asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención, mediante o desenvolvemento de estudos en sectores feminizados.
- Formación de médicos residentes de Medicina do Traballo e dos enfermeiros residentes en Enfermaría do Traballo nos centros provinciais do Issga.
- Elaboración e deseño de mapas de risco específicos en colaboración con outras áreas técnicas.
- Investigacións de enfermidades profesionais e a súa prevalencia.
- Asesoramento técnico nas avaliacións de riscos ergonómicas e psicosociais de postos de traballo.
- Informes de asesoramento técnico sobre as enfermidades derivadas do traballo e a súa correlación coas condicións de traballo.
- Os 4 centros do Issga participan na aplicación dun procedemento de investigación de EP harmonizado ca IPTSS e xeran un informe para ITSS que inclúe códigos de causas da EP. Estas investigacións servirán para identificar un conxunto mínimo e harmonizado de datos que permitirá mellorar o coñecemento epidemiolóxico das causas das enfermidade

profesional e a súa orixe. O seu análise corresponderá ao INSST e aos Institutos ou Órganos Técnicos das Comunidades.

- Especialistas en Medicina do Traballo participaron no Estudo SENTINELA-01 "Rede Sentinela en Cancro Profesional de Seos Paranasais no Sistema de Saúde", proxecto financiado polo INSST e coordinado por oncólogos da SEOM.
- Asesoramento técnico para a protección dos traballadores especialmente sensibles ou en situación de maternidade.
- Desenvolver formación específica e actualizada a través de xornadas técnicas na especialidade de Medicina do Traballo.
- O Isga participa na formación práctica do persoal médico interno residente (MIR) R4 da especialidade en Medicina do traballo do Sergas, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre o Isga, a Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en Galicia. Realízanse nas áreas de MT durante un mes segundo o programa oficial desta especialidade. Tamén realizan rotación os residentes de enfermaría do traballo (EIR) durante dous meses.
- Investigar os AT graves e mortais por causa cardiovascular e cerebrovascular non periódica e baixo un enfoque epidemiolóxico e de colaboración.
- Difusión e promoción da saúde integral e benestar laboral nas empresas galegas e informar dos beneficios dunha xestión integral da saúde dos traballadores, máis aló dos requirimentos legal.
- Laboratorio de riscos psicosociais e outras actuacións do Isga no coidado da saúde mental en colaboración coa USC.
- Participar como relatores en xornadas técnicas, obradoiros, curso de verano, mesas redondas, tanto a nivel autonómico como nacional.
- Participar en grupos de traballo Elaborar guías de boas prácticas en determinados sectores laborais, guías de vixilancia da saúde e documentos técnicos en saúde laboral.

## 7. Directorio

### Issga – Sede central

Edificio SL35  
Avda. Fernando Casas Novoa, 35 B - 3º C-D  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Tlf.: 981 957 018 / Fax: 881 999 433  
Enderezo-e: [issga.direccion@xunta.gal](mailto:issga.direccion@xunta.gal)



### Centro Issga A Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8  
15006 A Coruña  
Tlf.: 981 182 329 / Fax: 981 182 332  
Enderezo-e: [issga.coruna@xunta.gal](mailto:issga.coruna@xunta.gal)



### Centro Issga Lugo

Ronda de Fingoi, nº 170  
27071 Lugo  
Tlf.: 982 294 300 / Fax: 982 294 336  
Enderezo-e: [issga.lugo@xunta.gal](mailto:issga.lugo@xunta.gal)



### Centro Issga Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n  
32872 Ourense  
Tlf.: 988 386 395 / Fax: 988 386 222  
Enderezo-e: [issga.ourense@xunta.gal](mailto:issga.ourense@xunta.gal)




### Centro Issga Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº 2  
36812 Rande – Redondela  
Tlf.: 886 218 100 / Fax: 886 218 102  
Enderezo-e: [issga.pontevedra@xunta.gal](mailto:issga.pontevedra@xunta.gal)






## 8. Anexos

### Documentos editados polo Issga no ano 2025



# INFORME DE ACTUACIÓNS E XESTIÓN

# 2024 ISSGA



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA

# SINISTRALIDADE POR ENFERMIDADE PROFESIONAL NO SECTOR SERVIZOS

GALICIA

2024



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA

# SINISTRALIDADE LABORAL POR ACCIDENTE DE TRABALLO NO SECTOR SERVIZOS

GALICIA


2024



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

[issga.xunta.gal](http://issga.xunta.gal)



**PRL**  
nos novos  
escenarios  
de traballo

**2025**



# Manual del Recurso Preventivo y otras vigilancias de trabajos



# OS LEMBRA NAVAL

DO ISSGA

COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS  
NO SECTOR NAVAL



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



# EPI

no posto  
de traballo



Sector  
forestal



XUNTA  
DE GALICIA



INSTITUTO DE SEGURIDADE  
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA  
ISSGA.XUNTA.GAL

# EPI

## no posto de traballo

Sector forestal



- > Os EPI non eliminan os riscos, minimizan as consecuencias.
- > Os EPI non substitúen un procedemento seguro de traballo.

### CONSULTA



A **AVALIACIÓN** de **RISCOS (AR)** para coñecer os posibles riscos e as medidas que adoptar para previlos.

### APRENDE



Os **PROCEDEMENTOS** de **TRABALLO**, así como as medidas operativas, organizativas e preventivas. **APLÍCAAS**.

### EMPREGA



Os EPI que sexan necesarios para cada traballo dos que figuran na **AR**.

### LEMBRA



- Ten en conta o talle e a súa ergonomía.
- Realiza o mantemento conforme as instrucións do fabricante.
- Respecta a súa vida útil e/ou a caducidade indicada polo fabricante.
- Escolle EPI que sexan cómodos e compatibles.



### EPI OBRIGATORIOS




	1_Casco seguridade	2_Pantalla protección facial	3_Lentes antiproxección	4_Orelleiras axustadas casco seguridade	5_Luvas anticorte	5_Luvas seguridade	6_Pantalón anticorte	7_Chaqueta anticorte	8_Botas anticorte	8_Botas seguridade	9_Roupa alta visibilidade	10_Sistema contra caídas
Motoserrista	👤	👤	👤	👤	👤		👤	👤*	👤	👤	👤	
Operario/a de poda e talla en altura	👤	👤	👤	👤	👤		👤	👤*	👤	👤	👤	👤
Operario/a de rozadoira	👤	👤	👤	👤		👤	👤*			👤	👤	👤
Peón/peoa forestal	👤	👤*	👤	👤*		👤				👤	👤	👤
Maquinista forestal	👤		👤			👤				👤	👤	👤
Transportista forestal	👤		👤			👤				👤	👤	👤

\* Uso valorable  
Ver ficha do posto

Edita: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - Issga. D.L. C. 371-2025

PREVENCIÓN DE  
RISCOS NA

# VENDIMA






INSTITUTO DE SEGURIDADE E  
SAÚDE LABORAL DE GALICIA  
issga.xunta.gal

PREVENCIÓN DE  
RISCOS NA

VIÑA



INSTITUTO DE SEGURIDADE  
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

[issga.xunta.gal](http://issga.xunta.gal)

# Prevenção das enfermidades da voz no ámbito laboral

## Guía de boas prácticas





# Prevenção das enfermidades da voz no ámbito laboral

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

## 1. HIXIENE POSTURAL



Espertar o corpo.



Cos pés aliñados á altura das cadeiras entrelazar as mans e sacudilas dicindo [AHH] coa mandíbula relaxada.

## 2. RESPIRACIÓN



Deitados elevando os brazos (ver onde se colle aire e onde se expulsa).



Dicir unha [S] activando o solo pelviano coma se se cortaran as ganas de orixinar ata quedar sen aire e pensar en descansar para que o aire entre só.

## 3. PROXECCIÓN




Soprar polo tubo pronunciando a letra [U].



Facer peidorretas cos beizos.

## 4. ARREFRIAMENTO VOCAL



Dicir [HUM] notando como resona e se relaxan o nariz e a boca.



Relaxar e estirar o pescozo con xiros e rotacións.

## EVITAR

- Beber pouca auga.
- Tabaco e vapeadores.
- Café, lácteos e derivados, alcol, té, bebidas gasosas e frías.
- Caramelos de eucalipto, mentolados ou de limón.
- Inesta de remedios caseiros como a mel con limón.
- Carraspear.
- Ton de voz elevado ou moi baixo.
- Sedentarismo.
- Comidas copiosas e picantes.
- Uso prolongado da voz.
- Ansiedade e estrés.
- Tusir e esbirrar.
- Automedicarse.
- Falar mentres se fan esforzos.
- Non quentar nin arrefriar a voz.
- Non durmir un mínimo de 8 horas.



## FAVORECER

- Beber líquidos (mínimo 1,5 litros/día).
- Beber auga despois de tomar café.
- Favorecer o consumo de infusións como o erisimo, tomiño e ourego.
- Infusión de regaliz para favorecer a expectoración (coidado nas persoas con hipertensión arterial).
- Tusir en vez de carraspear.
- Ton de voz axeitado (nin alto nin baixo).
- Realizar actividade física con regularidade (que non sexa de alto impacto).
- Manter unha dieta equilibrada.
- Repouso vocal durante os descansos da xornada laboral.
- Coidar a saúde mental.
- Quentar e arrefriar a voz.
- Durmir un mínimo de 8 horas.





# Prevenção das enfermidades da voz no ámbito laboral

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



Os **Nódulos nas cordas vocais** son a única **patoloxía vocal** que se recoñece como **enfermidade profesional** provocada por **axentes físicos (Grupo 2)** e a súa causa está nos **esforzos sostidos da voz** por motivos profesionais.

Estas enfermidades aparecen recollidas no Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e establécense criterios para a súa notificación e rexistro.

As actividades nas que poden aparecer son aquelas nas que se precise o uso mantido e continuo da voz, como é o caso de docentes, cantantes, actores, actrices, axentes telefónicos e locutores/as de radio e televisión.

## 1. MEDIDAS PREVENTIVAS ORGANIZATIVAS

- Avaliación da carga vocal á que están expostas as persoas traballadoras.
- Distribución equilibrada do traballo para evitar a sobrecarga vocal.
- Elaborar un programa de pausas/descansos.
- Elaborar un plan de formación inicial e periódico sobre o uso da voz.
- Controlar os factores de risco psicosociais.
- Dotar de medios técnicos para disminuir o uso da voz (taboleiros dixitais, etc.).
- Proporcionar micrófonos e altosfalantes adecuados.
- Establecer un protocolo de mantemento preventivo dos sistemas de climatización e dos equipos audio-visuais ou outros, en función do tipo de traballo.
- Confeccionar un procedemento que facilite a prevención, detección e xestión dos danos derivados do sobreesforzo vocal.
- Detección precoz e planificación das medidas de prevención oportunas para evitar ou minimizar a súa aparición.
- Elaborar un procedemento de reincorporación e volta ao traballo tras unha patoloxía vocal.
- Fomentar e facilitar o consumo de auga.



## 2. MEDIDAS PREVENTIVAS NA CONTORNA FÍSICA

- Controlar e reducir o nivel de ruído ambiental.
- Mellorar a acústica da contorna laboral.
- Controlar as condicións de temperatura, humidade, evitar as correntes de aire e garantir unha ventilación adecuada no posto de traballo.
- Adecuar a cociente de persoas/alumnado por sala.
- Outras medidas preventivas que estime necesarias o servizo de prevención.




## 3. MEDIDAS PREVENTIVAS PERSOAIS

- Realizar exercicios para quentar a voz antes da xornada laboral e para arrefriala ao finalizar.
- Non fumar.
- Evitar tomar café nos descansos.
- Aproveitar as pausas para descansar a voz.
- Beber auga en cantidade suficiente e regularmente durante a actividade laboral.
- Evitar a inxesta de alimentos sólidos ou líquidos a temperaturas extremas e ceas copiosas.
- Realizar controis de vixilancia da saúde específicos en relación co risco derivado do uso mantido e continuo da voz, para a detección precoz de posibles casos de patoloxía vocal.







86

**Rn**

Radon

Pautas Issga

# O RADON NO ÁMBITO LABORAL

Obrigas preventivas

 XUNTA  
DE GALICIA

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

# Informe de actuacións e xestión

## ISSGA · 2025

[issga.xunta.gal](http://issga.xunta.gal)